

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao cumprimento dos trámites relativos a denuncias por particulares diante da Axencia da Protección da Legalidade Urbanística no seu servizo provincial de Ourense.

O noso grupo parlamentario ten constancia de diversas irregularidades na tramitación de expedientes de infracción urbanística en solo rústico no servizo provincial de Ourense da Axencia da Protección da legalidade Urbanística.

Coñecer cal foi o tratamento dado as diferentes denuncias e cal o resultado dos expedientes semella un xeito mensurable de calibrar o grao de respecto á legalidade urbanística e da eficacia da Axencia no seu servizo ourensán. Un exercicio de transparencia, de democracia en suma.

No ano 2012 comezáronse 36 expedientes sancionadores en solo rústico, 31 no 2013 e 32 no 2014, resolvéndose 36, 45 e 13 respectivamente nese trienio. Cifras que se multiplican cando falamos das dilixencias previas ou do rexistro de saída. Datos desagregados nalgúns casos por servizos provinciais e noutros agregados de maneira xeral para Galicia.

O plan de inspección urbanística marca como prioritarias aquelas denuncias por obras de construción de edificacións en curso de execución en terreos clasificados como solo rústico, sen a preceptiva autorización autonómica esixida na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O tratamento rigoroso das denuncias ten que ser marca de fábrica da Axencia. Semella de todo punto inaceptable que poidera haber simplemente ignoradas. Sería inicuo que veciñas presenten denuncias que non se tramitasen e se ignorasen nese pantano do silencio e da irregularidade. Sería increíble que reiterada esa denuncia e demandada a información ao respecto dese expediente continuara un pano sucio de silencio. Sería un escándalo que aparellaría dimisións necesarias que esas circunstancias acaeceran por amiguismos políticos ou de calquer outra índole.



Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Cales das denuncias por realización de obras en solo rústico presentadas nese trienio non foron tramitadas? En atención a que razóns?

En Compostela, a 3 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 03/11/2015 12:27:27